

The background is a vibrant, textured painting depicting a festival scene. The top half features a blue sky with a horizontal band of white and yellow blossoms. The bottom half shows a red and orange landscape with figures in traditional attire, including a woman in a purple and green dress and a white horse. A sun-like graphic with orange triangles is overlaid on the left side.

IES
Plurilingüe
Fontexería

ABAU 2019-20

Departamento
de
Orientación

PAGO DE TAXAS do Título de Bacharelato

Pode realizarse de 2 maneiras (en ambos casos entregar na Secretaría o exemplar de copia para a administración):

1. **TELEMATICAMENTE**:

Cúbrese o **impreso** a través da web <https://ovt.atriga.gal>

2. **MANUALMENTE**: **Recóllese o impreso na Secretaría**

• **Apartado de CÓDIGOS:**

- **Consellería:** *Educación, Universidade e Formación Profesional (código 07)*
- **Delegación de:** *Servizos Centrais (código 13)*
- **Servizo de:** *Ensino Medio (código 03)*
- **Taxa de denominación:** *Expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola LOMCE (código 302003)*

• **Apartado de LIQUIDACIÓN:**

- **Base cálculo ou base imponible ou unidades:** *Título Bacharel*
- **Tipo ou tarifa:** *Tarifa Xeral / Familia numerosa*
- **Importe a ingresar (taxas 2020):**
(na tarifa xeral) 52,94
(no caso de familia numerosa) 26,50

INSTRUCCIÓN PARA A MATRÍCULA_ (ABAU - 2020)

PROCESO MATRÍCULA ORDINARIA para alumnado de Bacharelato

.Prazo: Do 10 ao 17 de xuño

- O alumno/a:
 - recolle o documento de Taxas da ABAU na Secretaria do centro e fai o pago no Banco.
 - entrega no Centro de Secundaria copia do Xustificante de Pago de Taxas, ou xustificante da exención, e o impreso de matrícula da ABAU (facilitado pola secretaría do centro), coa indicación das materias das que se desexa examinar, debidamente cumprimentado e asinado.

Unha vez realizada a matrícula da ABAU na secretaría do centro de secundaria:

O alumnado recibirá no seu correo electrónico un “Código de Acceso” necesario para poder completar a alta na aplicación informática NERTA e realizar as solicitudes de revisión e a solicitude de preinscripción en titulacións con límite de prazas do SUG.



HORARIO

MARTES-7 DE XULLO	
9:00 – 10:00	<i>Presentación</i>
10:00 – 11:30	03-Historia de España
11:30 – 12:00	<i>Descanso</i>
12:00 – 13:30	01-Lingua castelá e Literatura II
13:30 – 15:30	<i>Descanso</i>
15:30 – 17:00	40-Matemáticas Aplicadas CC.SS 50-Fundamentos da Arte II
17:00 – 17:30	<i>Descanso</i>
17:30 – 19:00	31-Economía da empresa 53-Deseño

	MÉRCORES – 8 DE XULLO	XOVES – 9 DE XULLO
9:00 – 10:30	02-Lingua Galega e Literatura II	21-Bioloxía 33-Historia da Arte
10:30 – 11:00	<i>Descanso</i>	<i>Descanso</i>
11:00 – 12:30	(11, 12, 13, 14, 15)-Primeira Lingua Estranxeira II	23-Física 35-Xeografía 52-Cultura Audiovisual II
12:30 – 13:00	<i>Descanso</i>	<i>Descanso</i>
13:00 – 14:30	20-Matemáticas II 30-Latín II	25-Xeoloxía 34-Historia da Filosofía
14:30 – 16:00	<i>Descanso</i>	<i>Descanso</i>
16:00 – 17:30	22-Debuxo Técnico II 51-Artes Escénicas (61, 62, 63, 64, 65)-Segunda Lingua Estranxeira II	Incidencias non previstas
17:30 – 18:00	<i>Descanso</i>	
18:00 – 19:30	24-Química 32-Grego II	

NORMAS DE PRESENTACIÓN DO ALUMNADO AOS EXAMES E NORMAS DE REALIZACIÓN

- **Presentación:**
 - ✓ **Horario e documentos a presentar**
 - ✓ **Resolución problemas de matriculación**
- **Realización do exame:**
 - ✓ **Material permitido.**
 - ✓ **Material non permitido**
 - ✓ **Etiquetas de identificación**
 - ✓ **Caderno de exame**
 - ✓ **Anonimato nos exames**
 - ✓ **Entrega examen en man**
 - ✓ **Copia e sancións**

PRESENTACIÓN DO ALUMNADO AO EXAME: 7 xullo

– Deben acudir á presentación ás 9 da mañá do primeiro día e logo presentarse á realización dos exercicios á hora sinalada para cada un deles. O alumnado que só se examina da parte voluntaria e non teña erros na matrícula pode presentarse no momento dos exames.

– Para a realización dos exames o alumnado deberá levar consigo:

- *DNI ou documento identificativo*
- *Resgardo de Matrícula e xustificante de pago*
- *Bolígrafo de tinta azul ou negra imborrable ou indeleble*
- *Material axeitado ao exercicio correspondente* á materia de Debuxo Técnico II, así como o dicionario latín-español ou grego-español e unha calculadora (nas materias de Mat II, Matemáticas aplicadas CC.SS II, Física, Química e Economía da Empresa)

No momento da presentación , o tribunal asignaralle un posto de exame a cada alumno/a (protocolo covid-19):

O alumnado que detecte algún erro na súa matrícula da ABAU deberá comunicarllo ao Presidente da correspondente Comisión na hora establecida para a presentación (9.00 a 10.00), unha vez finalizada a presentación non se admitirán cambio.

NORMAS DE REALIZACIÓN DE EXAMES:

MATERIAL ESPECÍFICO PERMITIDO

○ **Dicionarios:**

- Exame de Latín II. Poderá utilizarse o dicionario de latín-español/galego e permitirse o uso dos seus apéndices gramaticais, pero non daquelas páxinas con contidos literarios e de evolución do latín ao castelán ou ao galego.
- Exame de Grego II. No exame de Grego II poderá utilizarse calquera dicionario de grego-español/galego e o seu apéndice gramatical.

○ **Calculadoras:** Poderase utilizar a calculadora exclusivamente nos exercicios de Matemáticas II, Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II, Física, Química e Economía da empresa. Permitirse usar calculadoras non programables e que non teñan capacidade gráfica.

Non poderá haber nada escrito nos apéndices dos dicionarios nin nas calculadoras ou nas súas fundas.

○ **MATERIAL NON PERMITIDO** Non está permitido o uso de teléfonos móbiles, reloxos intelixentes (smartwatch) ou calquera outro dispositivo electrónico.

NORMAS DE REALIZACIÓN DE EXAMES:

- Ao empezar as probas , o alumnado recibirá un xogo de adhesivos de código de barras que os identifica (**etiquetas de identificación persoais e intransferibles**). Non deben dobrarse, modificarse (para evitar o seu deterioro) nin extraviarse.
- **O alumnado debe manter os pavillóns auditivos despexados** para verificar que non se usan dispositivos non permitidos.
- Os exames son anónimos e non poderán asinarse nin levar marcas** (subliñados en cor, fluorescentes...) que poidan permitir unha identificación persoal, xa que **pode ser causa de anulación de exame**.
- **En cada proba entregarase un caderno de exame formado por 2 follas A-3 (7 páxinas A-4 en branco) e unha cabeceira adhesiva (portada)**. Para redactar as respostas pode empregar as 7 páxinas en branco. Usarase un único caderno de exame en cada proba (non se poderán arrincar nin engadir folla). O acceso á aula implica a entrega obrigatoria do caderno debidamente etiquetado, aínda que se deixase en branco. Deberán entregarse a un membro do Tribunal, en ningún caso deixalos enriba da mesa.

A nota de acceso indica se aprobas a ABAU e é sempre a mesma.

**Nota de acceso
á
Universidade**

Nota de acceso á universidade:

$$\text{NAU} (\geq 5) = \text{NMB} \times 0.6 + \text{NPO} \times 0.4$$

NAU: Nota acceso á universidade

NMB: Nota media Bacharelato

NPO: Nota Parte Obrigatoria

A nota de admisión pode variar dun Grao a outro

**Nota de
admisión**

Nota de admisión:

$$\text{NA} = \text{NMB} \times 0.6 + \text{NPO} \times 0.4 + a \times M_1 + b \times M_2$$

a x M₁ = parámetro de ponderación x Materia 1

b x M₂ = parámetro de ponderación x Materia 2

ACCESO Á UNIVERSIDADE DESDE BACHARELATO

**EXPEDIENTE
6 PUNTOS**

**PARTE
OBRIGATORIA
4 PUNTOS**

**PARTE VOLUNTARIA
4 PUNTOS**

**Nota= Materia 1 x parámetro de ponderación
+ Materia 2 x parámetro de poderación**

NOTA DE ACCESO

NOTA DE ADMISIÓN

Materias obxecto da Parte Obrigatoria PO

Non presentarse a algún dos exercicios da PO, na cualificación correspondente figurará NP, pero para efectos da Nota Media computará cero. VALIDEZ INDEFINIDA

- **Historia de España**
- **L. Castelá e Literatura II**
- **Lingua Galega e Literatura II**
- **Primeira L.Estranxeira II (opción lingüística cursada)**
- **Materia de modalidade cursada***

ARTES - Fundamentos da Arte II

CIENCIAS - Matemáticas II

CIENCIAS SOCIAIS - Matemáticas aplicadas as CC.SS-II

HUMANIDADES - Latín II

*** (terá que examinarse obrigatoriramente da materia correspondente á modalidade do Bacharelato cursado)**

Materias obxecto da Parte Voluntaria PV

Podes presentarte ata un máximo de 4 materias :

. **Materias de Opción** para calquera modalidade (cursadas ou non)

Artes Escénicas - Deseño - Cultura Audiovisual II - Debuxo Técnico II - Historia da Arte - Economía da Empresa - Historia da Filosofía - Grego II - Xeografía
Xeoloxía - Bioloxía - Física II - Química

. **Materias de Modalidade** ≠ da que se examinasen na PO

Fundamentos da Arte II - **Matemáticas II**

Matemáticas aplicadas CC.SS II - **Latín II**

. **Materia optativa, opción lingüística da 2ª L.Estranxeira II** ≠ da materia TX da modalidade cursada

Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués

É convinte que o alumnado se presente a PV

AVALIACION PARA O ACCESO A UNIVERSIDADE

Cada unha das materias será cualificada entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais

$$\text{Nota de admisión (NA)} = \text{NMB} \times 0.6 + \text{NPO} \times 0.4 + a \times M1 + b \times M2$$

Cualificación parte obrigatoria (CPO)

puntuación máxima: **10 puntos**

Validez indefinida

Cualificación parte voluntaria (CPV)

puntuación máxima: **4 puntos**

Validez 2 cursos seguintes a súa superación

Nota Media Bacharelato (≥ 5) Conta o 60%	CPO (mínimo 4) Conta o 40%
--	--

Hª España

L. Castelá e Literatura II

L. Galega e Literatura II

1ª L.Estranxeira II

Materia de modalidade cursada :
ARTES Fundamentos da Arte II

CIENCIAS Matemáticas II

CIENCIAS SOCIAIS Mat. Aplicadas CC.SS II

HUMANIDADE Latín II

CPV (≥ 5)

Pódese examinar dun máximo de 4 materias entre:

Materias de opción de calquera modalidade

Materias de modalidade \neq da que se examinada na PO

1 opción lingüística da 2ª L.estraneira \neq da cursada como TX (1ª.Estraneira II)

As notas das materias multiplicaranse polos parámetros de ponderación 0,1 ou 0,2 en función da carreira elixida.

A aplicación escollerá 2 materias con mellor nota vinculadas a cada grao que solicitas. A NAD incorpora a nota da materia de modalidade da PO (≥ 5), de estar adscrita á rama da titulación solicitada. (conta 2 veces)

A MESMA MATERIA TEN O MESMO PARÁMETRO PARA DIFERENTES GRAOS?

Non. Tes que consultar os parámetros da materia para cada Grao, xa que varían en función deste.

PODEN CAMBIAR OS PARÁMETROS DUN ANO PARA OUTRO?

Si, poden cambiar. Con carácter xeral, para mellorar as posibilidades do alumnado.

SON OS MESMOS PARA TODAS AS UNIVERSIDADES?

En Galicia si, pero se queres acceder a outra comunidade autónoma tes que consultar os parámetros no correspondente portal educativo.

EXAMES DA ABAU


Consta dunha proba por cada materia, *cun único modelo de exame*.

- . A duración máxima de **90 minutos**. Establecerase un descanso entre probas consecutivas de, como mínimo, **30 minutos**.
- . Opcionalidade suficiente para evitar contidos non tratados no 3º trimestre ([ver modelos de exame](#))
- . Para a realización dos exercicios, o alumnado poderá empregar, pola súa elección, **calquera das linguas oficiais** da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, os exercicios correspondentes a Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Primeira e Segunda Lingua Estranxeira deberán realizarse nos seus respectivos idiomas.

COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

CALENDARIO DA PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE

CONVOCATORIA ORDINARIA 2020	
XUÑO	
1-17	MATRÍCULA ANTICIPADA Matriculación anticipada on liña para realizar a proba de avaliación do Bacharelato para o acceso á universidade. Lugar: Norte.
10-17	PRE-MATRÍCULA DA ABAU Matriculación para a ABAU do alumnado que separe o segundo curso do Bacharelato na convocatoria de maio de 2020 (Lugar de presentación: centros de Bacharelato). Lugar: Centros.
17-19	MATRÍCULA ORDINARIA Por parte dos centros de Bacharelato de Galicia nos LERD para o alumnado que separe o segundo curso de Bacharelato na convocatoria de maio de 2020. Lugar: LERD.
XULLO	
3	MATRÍCULA EXTRAORDINARIA Alumnado dos centros de Bacharelato de Galicia que aprabe o 2º curso do Bacharelato despois da resolución das reclamacións ás cualificacións polo comité de supervisión. Lugar: LERD.
7-8-9	REALIZACIÓN DOS EXERCICIOS DA ABAU (Lugar: sedes das comisións delegadas).
16	PUBLICACIÓN NA OIG, NOS LERD E EN INTERNET DAS CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS DA ABAU
17	DIFUSIÓN NA PRENSA DA LISTAXE PROVISIONAL DE APTOS POR COMISIÓN DELEGADA
17-21	PRAZO DE SOLICITUDES DE REVISIÓNS ÁS CUALIFICACIÓNS DA ABAU (ata as 14:00 horas do día 21).
23	PUBLICACIÓN NA OIG, NOS LERD E EN INTERNET DAS CUALIFICACIÓNS DA ABAU DESPOIS DA RESOLUCIÓN DAS REVISIÓNS. CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS DA ABAU



CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA 2020	
SETEMBRO	
2-8	MATRÍCULA ANTICIPADA Matriculación anticipada on liña para a realización da proba de avaliación do Bacharelato para o acceso á universidade. Lugar: Norte.
8	PRE-MATRÍCULA ABAU Matriculación para a ABAU do alumnado que separe o segundo curso do Bacharelato na convocatoria de setembro de 2020. Lugar: Centros.
9	MATRÍCULA ORDINARIA Alumnado dos centros de Bacharelato de Galicia que aprabe o 2º curso do Bacharelato na convocatoria de setembro de 2020. Lugar: LERD.
14	MATRÍCULA EXTRAORDINARIA Alumnado dos centros de Bacharelato de Galicia que aprabe o 2º curso do Bacharelato despois da resolución das reclamacións ás cualificacións polo comité de supervisión. Lugar: LERD.
15-16-17	REALIZACIÓN DOS EXERCICIOS DA ABAU (Lugar: sedes das comisións delegadas).
24	PUBLICACIÓN NA OIG, NOS LERD E EN INTERNET DAS CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS DA ABAU
25	DIFUSIÓN NA PRENSA DO LISTADO PROVISIONAL DE APTOS POR COMISIÓN DELEGADA
25-29	PRAZO DE SOLICITUDES DE REVISIÓNS ÁS CUALIFICACIÓNS DA ABAU (ata as 14:00 horas do día 29). Lugar: Norte/LERD.
30	PUBLICACIÓN NA OIG, NOS LERD E EN INTERNET DAS CUALIFICACIÓNS DA ABAU DESPOIS DA RESOLUCIÓN DAS REVISIÓNS. CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS DA ABAU

CALENDARIO DE ADMISIÓN EN TITULACIÓNS CON LÍMITE DE PRAZAS DO SUG

XULLO	
14-28	PREINSCRIPCIÓN ANTICIPADA NO SUG Solicitantes anticipados da admisión para cursar ensinanzas universitarias ofertadas do Grao en SUG. Lugar: Norte.
20-28	PREINSCRIPCIÓN ORDINARIA NO SUG Solicitantes ordinarios da admisión para cursar ensinanzas universitarias ofertadas do Grao en SUG. Lugar: Norte/LERD.
28	FIN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓNS AOS ERROS NAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN (Reclamacións aos erros na preinscripción anticipada, ordinaria).
14-28	PREINSCRIPCIÓN TITULADOS Titulados/as universitarios na convocatoria de maio - xullo de 2020.



SETEMBRO	
25-2 out.	PREINSCRIPCIÓN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA NO SUG Solicitantes da admisión en titulacións con prazas vacantes de SUG. Lugar: Norte/LERD.

CALENDARIO DE MATRÍCULA EN TITULACIÓNS CON LÍMITE DE PRAZAS DO SUG

AGOSTO	
11	PUBLICACIÓN DE 1.ª LISTAXE DE ADMITIDOS O DE ESPERA Reclamacións ó 1.ª listaxe de admitidos o de espera.
12-13	PRIMEIRO PRAZO DE MATRÍCULA Momento de recollerer o interese de continuar nos listaxes de OIG.
17	PUBLICACIÓN DE 2.ª LISTAXE DE ADMITIDOS O DE ESPERA Reclamacións ó 2.ª listaxe de admitidos o de espera.
18-19	SEGUNDO PRAZO DE MATRÍCULA Momento de recollerer o interese de continuar nos listaxes de OIG.
21	PUBLICACIÓN DE 3.ª LISTAXE DE ADMITIDOS O DE ESPERA Reclamacións ó 3.ª listaxe de admitidos o de espera.
22-25	TERCEIRO PRAZO DE MATRÍCULA Momento de recollerer o interese de continuar nos listaxes de OIG.
26	PUBLICACIÓN DE 4.ª LISTAXE DE ADMITIDOS O DE ESPERA Reclamacións ó 4.ª listaxe de admitidos o de espera.
27-28	CUARTO PRAZO DE MATRÍCULA Momento de recollerer o interese de continuar nos listaxes de OIG.
27	PREZAO EXTRAORDINARIO MODIFICACIÓN DE PREINSCRIPCIÓN Estudantes que non puideron matricularse en segundo das titulacións solicitadas.
31	PUBLICACIÓN DE 5.ª LISTAXE DE ADMITIDOS O DE ESPERA (Incorporación alumnado ABAU extraordinario).



SETEMBRO	
1-2	RECLAMACIÓN DE 5.ª LISTAXE DE ADMITIDOS O DE ESPERA Reclamacións ó 5.ª listaxe de admitidos o de espera.
1-2	QUINTO PRAZO DE MATRÍCULA Momento de recollerer o interese de continuar nos listaxes de OIG.
3	PUBLICACIÓN DE 6.ª LISTAXE DE ADMITIDOS O DE ESPERA Reclamacións ó 6.ª listaxe de admitidos o de espera.
4-7	SEXTO PRAZO DE MATRÍCULA Momento de recollerer o interese de continuar nos listaxes de OIG.
OUTUBRO	
6	PUBLICACIÓN DE 7.ª LISTAXE DE ADMITIDOS O DE ESPERA Reclamacións ó 7.ª listaxe de admitidos o de espera.
7-8	SETIMO PRAZO DE MATRÍCULA Momento de recollerer o interese de continuar nos listaxes de OIG.
13	PUBLICACIÓN DE 8.ª LISTAXE DE ADMITIDOS O DE ESPERA Reclamacións ó 8.ª listaxe de admitidos o de espera.
14-15	OCIAVO PRAZO DE MATRÍCULA Momento de recollerer o interese de continuar nos listaxes de OIG.
16	PUBLICACIÓN DE 9.ª LISTAXE DE ADMITIDOS O DE ESPERA Reclamacións ó 9.ª listaxe de admitidos o de espera.
17-20	NOVENO PRAZO DE MATRÍCULA (DERRADRO)

LUGARES DE MATRÍCULA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Os centros onde se imparten as correspondentes titulacións.

A matriculación deberá facerse en Internet (<https://matricula.usc.es/MatriculaPrimera/>)
Os centros onde se imparten as correspondentes titulacións.
A matriculación deberá facerse en Internet (<https://matricula.uvigo.es/matriculaprimera/>)

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
CAMPUS DE SANTIAGO
CAMPUS DE LUGO

As Unidades de Xestión situadas nos Campus Norte e Vía Á Unidade de Xestión Académica situada no Campus.
A matriculación deberá facerse en Internet (<https://matricula.usc.es/MatriculaPrimera/>)

INFORMACIÓN DAS LISTAXES DE PERSOAS ADMITIDAS E DE AGARDA

CIUG (Santiago): 881 813 452 (das 9,00 ás 14,00 horas) • Universidade da Coruña: 981 167 000
Universidade de Santiago: 881 814 538 / 881 814 530 • Universidade de Vigo: Tel: 986 81 36 30 / 986 813 755
<http://ciug.gal>

CALENDARIO XERAL ABAU
2019-20

ACCESO Á UNIVERSIDADE
CURSO- 2020- 2021

Revisión das cualificacións

- Prazo:

3 días hábiles contados a partir da data de publicación das cualificacións.

17 a 21 de xullo (ata as 14:00h. do 21 de xullo)

- Solicitud:

As solicitudes de revisión poderanse facer a **través de NERTA**, empregando o seu código de acceso. O alumnado deberá **gardar copia da súa solicitude** en calidade de resgardo e xustificación de presentación desta.

Procedemento de revisión das cualificacións

a) *Primeiro analizarase se houbo algún erro material na corrección do exame (sumas mal calculadas ou preguntas sen corrixir). No caso de existir modificarase a cualificación, tanto á alza como á baixa.*


A cualificación provisoria (P) pasa a ser a nova cualificación despois de modificar segundo o erro material detectado. *No caso de non haber erros materiais, mantense como cualificación provisoria a cualificación orixinal (identificada tamén como P).*

b) *Deseguido, realizarase unha 2ªcorrección por un novo corrector/a especialista, distinto ao que efectuou a 1ª corrección. Se esta 2ªcualificación (S) ten unha diferenza menor de 2 puntos, a cualificación definitiva será a media aritmética entre S e P, nomeadamente $(S+P)/2$.*

c) *No suposto de que existise unha diferenza de 2 ou máis puntos entre ambas as cualificacións (P e S), un terceiro profesor/a especialista distinto dos anteriores efectuará unha 3ªcorrección (T). Neste caso, a cualificación definitiva será a media aritmética das 3 cualificacións, nomeadamente $(P+S+T)/3$.*

ENTREGA DE TARXETAS DE CUALIFICACIÓN

- O día **16 de xullo**, enviarase por correo electrónico ao alumnado a súa **Tarxeta de Cualificación da ABAU** asinada dixitalmente.
- O día **23 de xullo** enviarase por correo electrónico ao alumnado que solicitou revisión a súa **Tarxeta de Cualificación da ABAU** asinada dixitalmente coa **modificación de nota despois do prazo de revisión das cualificacións**

 Para poder enviar a Tarxeta de Cualificación da ABAU é necesario ter rexistrado un correo electrónico válido en Nerta.

O alumnado que non rexistrase un correo electrónico válido en Nerta podará solicitar a Tarxeta no seu centro de bacharelato.

PUBLICACIONES DE CUALIFICACIÓN

- Unha vez rematadas as probas, as **cualificacións obtidas polo alumnado faranse públicas** na *Internet* o día **16 de xullo**, a partir das **20.00** horas.
- O día **23 de xullo** faranse públicas as **cualificacións definitivas** *despois da resolución das solicitudes de revisión* (a partir das **20:00** horas).

Mellorar a Cualificación da ABAU

Anualmente realizaranse **2 convocatorias da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU): unha ordinaria e outra extraordinaria.**

O alumnado **podará presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación obtida en calquera das probas. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior.**

- **Parte Obrigatoria:**

- *Tomarase a cualificación da nova convocatoria sempre que esta sexa superior á anterior.*
- *Ten validez indefinida.*

- **Parte Voluntaria:**

- *Mellorar a cualificación de calquera das materias da parte voluntaria.*
- *Validez de dous cursos seguintes á súa superación.*

Tamén se pode acceder a unha titulación na que non chega a nota de acceso matriculándose nunha titulación da mesma rama de coñecemento e solicitar traslado (conforme as normas de cada universidade)

Departamento
de orientación

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
PLURILINGÜE FONTEXERÍA



ies  ontexería

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesfontexeria>